

Boqueixón aproba os orzamentos máis ambiciosos da súa historia

Ascenden a máis de 5,9 millóns de euros, un 40% máis ca en 2023, e destinan unha terceira parte a investimentos en beneficio dos veciños e veciñas

O Pleno do Concello de Boqueixón vén de aprobar o orzamento de 2024, que ascende a un total de 5.902.058,67 euros. Este importe supón un incremento de 1.684.589,53 euros con respecto ao orzamento de 2023, un 39,94%.

O alcalde de Boqueixón, Ovidio Rodeiro, salienta que “se trata duns orzamentos investidores, que reforzan os servizos sociais que se prestan aos veciños e veciñas e que non recollen ningunha suba de impostos”.

Así, entre as principais inversións recollidas nos orzamentos de 2024 figuran os 1,7 millóns de euros para o cambio a LED de todas as luminarias do municipio, un plan de obras de 270.000 euros para melloras en estradas municipais, o acondicionamento de todos os parques infantís do concello e o inicio das obras de saneamento naquelas aldeas que o teñen pendente. De



No eido social, reforzaranse os programas como o servizo de axuda no fogar

feito, as actuacións levadas a cabo polo Concello nos últimos meses permitiron reducir o gasto enerxético dos 300.000 € de 2023 aos 230.000 € de 2024.

“No eido social reforzaremos os programas de atención de axuda a domicilio e escola infantil municipal, así como os programas de conciliación: madrugadores, inglés, tardes educativas e de lecer e os programas de conciliación de Entroido, Semana santa, Verán e Nadal”, apunta Ovidio Rodei-

ro, quen adianta tamén que “neste 2024 seguirá habendo axudas á natalidade así como subvencións para o tecido asociativo”.

Sen suba de impostos

Os orzamentos de 2024 non recollen ningún tipo de suba de impostos, máis aló da actualización de acordo ao IPC do último exercicio das taxas municipais, que se aprobarán na sesión plenaria de mañá mércores. Porén, manteranse inalterables as licenzas de obra e o

recibo de vehículos.

Ademais, Ovidio Rodeiro destacou que “este equipo de Goberno ten en carteira importantes inversións que non van recollidas neste orzamento, xa que están pendentes de ser co-financiadas por outras administracións, polo que esperamos acadar unha cifra en investimentos moi por encima dos 2,5 millóns de euros ao final do exercicio”.

“É o orzamento máis ambicioso da historia de Boqueixón”, adiantou José Manuel Iglesias, quen salientou que “o 40% é investimento pero, cando remate o 2024, será aínda maior porque hai subvencións que non están contempladas nestas contas pero que serán solicitadas e previsiblemente conseguidas. Polo tanto, estamos diante dun ano de moita inversión en Boqueixón e de mellora na prestación de servizos aos nosos veciños e veciñas”.

CALENDARIO DO PUNTO LIMPO MÓBIL

De	Ata	Parroquia	Lugar
29-xan	04-feb	Gastrar	Campo da Festa
05-feb	11-feb	Boqueixón	Campo da Festa
12-feb	18-feb	Codeso - Donas	Campo da Festa
19-feb	03-mar	Oural - Pousada - Sucira	Campo da Festa
04-mar	10-mar	Ledesma	Campo da Festa

Viaxe a Madrid e Segovia

O Concello de Boqueixón organiza unha excursión a Madrid e Segovia que terá lugar o 11, 12 e 13 de marzo. O seu prezo é de 240 € e inclúe transporte, pensión completa en habitación dobre (3 días e 2 noites), visitas, guías e seguro de viaxe. As inscricións abríranse o 15 de febreiro de xeito presencial no Concello de Boqueixón ou chamando ao 981 513 115. As prazas e o número de asento no bus adxudicaránse por orde de anotación.



Curso Monitorado de actividades de tempo libre

Os Concellos de Boqueixón e de Vedra organizan un curso de Monitorado de actividades de tempo libre de 350 horas lectivas. Trátase dunha formación homologada pola Xunta de Galicia e a súa cota de inscrición é de 200 euros.

O curso consta de dúas fases: 200 horas de fase teórica-práctica e 150 horas de fase práctica. As clases terán lugar de xeito intensivo durante Semana Santa e fins de semana.

O prazo de inscrición estará aberto ata o vindeiro 16 de febreiro, a través do teléfono 981 513 115.



Avanza a tramitación do Campus de I+D promovido en Sergude por Santos Equipamento de Interiores

O Concello de Boqueixón celebra os avances na tramitación do Campus de I+D que a empresa Santos Equipamento de Interiores SLU promove no parque empresarial de Sergude. Un proxecto de interese autonómico (PIA) fechado en agosto de 2023 e que vén de ser sometido a información pública ata o 12 de febreiro de 2024. Unha información accesible na web da Consellería de Economía, Industria e Innovación a través deste enlace: https://economia.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-industriais?content=expediente_0008.html

O Concello instala paneis informativos cos horarios dos autobuses

O Concello de Boqueixón vén de instalar nas distintas marquesiñas do municipio uns paneis informativos cos horarios e as paradas dos autobuses de conexión con Santiago e a nosa contorna.

Trátase dos horarios vixentes no momento da súa elaboración para Autocares Rías Baixas, Monbús e Lábara, polo que o Concello non se fai responsable de posteriores actualizacións ou cambios. De feito, por esa razón, os paneis informativos inclúen tamén un código QR de enlace á web actualizada: www.bus.gal.



Entroido Activo ofrecerá servizo gratuito de conciliación para os días 12, 13 e 14 de febreiro

O Concello organiza unha nova edición do Entroido Activo, un programa lúdico-educativo para facilitar a conciliación os días 12, 13 e 14 de febreiro. Terá lugar no CPI Antonio Orza Couto, de 09.00/10.00 h a 13.30 /14.00 h. Dirixido a alumnado de 3 a 16 anos empadroados en Boqueixón ou matriculados nun centro educativo do municipio, a participación é de balde. Bases e folha de inscrición: www.boqueixon.gal, desde o 1 de febreiro.

Boqueixón dotará de saneamento a sete aldeas e mellorará todos os parques infantís

O Pleno de Boqueixón aprobou por unanimidade a proposta da Alcaldía para o POS-2024, que destina 220.000 euros a gasto corrente, 141.000 € a melloras en vinte estradas municipais e 30.000 € á reparación de todos os parques infantís do municipio. Así mesmo, acordou que os case 404.000 euros do Plan Complementario servirán para mellorar outros seis camiños e a completar o saneamento de sete aldeas.

“Tratamos de incluír no POS as necesidades que detectamos dende o Grupo de Goberno, as peticións que nos fai a veciñanza e as distintas entidades, cun reparto equilibrado por parroquias”, apunta o concelleiro de Facenda, José Manuel Iglesias, quen explica que “imos arranxar todos os parques infantís, salvo os que xa cubrimos nas unitarias e o novo que se está construíndo en Lestedo, e seguir avanzando no saneamento das nosas aldeas”.

Así, o Concello destinará 370.000 euros a dotar de



O Concello investirá máis de 150.000 € na mellora de 26 estradas municipais

saneamento aos núcleos de Frenza (Sucira), Agra (Loureda), Ardilleiro Pequeno (A Granxa), Xiadás (Gastrar), O Casal e Zaramacedo (Lamas) e Villalaz (Oural). “Continuaremos así avanzando na prestación de servizos eficientes a todos os veciños e veciñas de Boqueixón. Nestes momentos, o 100% da nosa veciñanza ten acceso a un abastecemento de calidade, algo que non ten parangón na provincia, e agora traballaremos para darlles unha solución a todos aqueles núcleos aos que aínda non

chegara o servizo de saneamento”, sinala o alcalde, Ovidio Rodeiro.

Melloras en pistas

No que atinxe á mellora de estradas, o pleno aprobou dous proxectos. O primeiro deles ascende a 141.000 euros e inclúe melloras en asfalto ao longo de 6,7 quilómetros de 20 estradas municipais. Así, melloraranse os accesos aos núcleos de Gándara e Deseiro de Arriba (Sergude), Vigo e Alboia (Lamas), Gastrar (Gastrar), Camporrapado, Rebordaos

e Mato (Oural), Vilar (Ledesma), Frenza (Sucira), Pedrouzo (Pousada) e Piñeiro de Abaixo (Boqueixón). A maiores, arranxaranse camiños en Pumares (Sergude), Pazos, interiores de Ardarís e viario de Castrelo a Virxe de Lurdes (Lestedo), O Burgo (Lamas), camiño do Forte a Casalpegito (Boqueixón / Gastrar), Ledesma (Ledesma) e camiño na Quenlla (Sucira).

O segundo proxecto, incluído no Plan Complementario e que ascende a 32.168 €, inclúe o acondicionamento en asfalto dos accesos a Manlle (Lamas), Eirexe (Pousada) e Santaia e Casalbieito (Codeso). Finalmente, inclúense a mellora dun camiño no Burgo (Lamas) e Baiuca (Ledesma).

Finalmente, aprobouse a adhesión ao Plan Adicional para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2024 e destinará 63.000 euros á ampliación do servizo de axuda no fogar, atención de persoas vulnerables e financiación dos gastos dos Servizos Sociais municipais.

A madeira galega, protagonista da nova residencia do CFEA

Preto cun cento de veciños e veciñas de Boqueixón visitaron as novas instalacións da residencia de estudantes, primeira fase das obras de ampliación e mellora do Centro de Formación e Experimentación Agroforestal (CFEA) de Sergude. Uns traballos que permiten ampliar de 52 a 82 o nú-

mero de prazas de estudantes, que estrearán as novas instalacións neste mes de febreiro.

Na visita guiada fíxose fincapé na aposta que se fixo pola madeira como material de construción, nunhas instalacións remodeladas de acordo con criterios de sostibilidade e eficiencia enerxética.



O alcalde Ovidio Rodeiro, o director da Axencia de Calidade Alimentaria, José Luís Cabarcos, e o director do CFEA, J. Carlos Ferreras, guiaron a visita

A 41 Festa da Filloa de Lestedo celebrarase o domingo 18 de febreiro

O alcalde de Boqueixón, Ovidio Rodeiro Tato; e o presidente da Asociación Cultural da Filloa, José Manuel Canabal, presentaron no CIFP Compostela o programa da 41ª edición da Festa da Filloa de Lestedo. Un acto no que estiveron acompañados polo xerente da Axencia de Turismo de Galicia, Antonio Casas Calviño; o director do CFIP Compostela, Ramiro Esparís, e a actriz María Mera.

O alcalde agradeceu o traballo da veciñanza e da Asociación Cultural da Filloa "para que esta festa culinaria se converta na terceira Festa de Interese Turístico Nacional na provincia da Coruña". Antonio Casas destacou que "a Festa da Filloa de Lestedo e os Entroidos dos Xenerais da Ulla son unha excelente ocasión para demostrar que, fora da temporada alta, o noso territorio ofrece atractivos



Isa e Lilly encargáronse de elaborar as filloas para a presentación aos medios

máis que suficientes para visitala".

Programación paralela

Antes da festa terá lugar o IV Concurso Fotográfico "Filloarte", onde calquera persoa pode presentar ata dúas imaxes de filloas antes do 11 de febreiro en festadafilloadelestedo@gmail.com. Bases en: www.festadafilloadelestedo.gal.

Do 9 ao 12 de febreiro terán lugar as tradicionais Xornadas gastronómicas da

Filloa en El Corte Inglés, de 13:00 a 16:30 horas. A II Festa da Filloíña chegará o sábado 10 de febreiro con xogos tradicionais, grupos musicais da Asociación Cultural Mestre Manuel Gacio, pregón infantil a cargo de alumnado do CPI Antonio Orza Couto, Atranques de Xeneraliños da Ulla e un concerto de Uxía Lambona e a Banda Molona.

O mércores 14 de febreiro, tras a "Escola Filloeira" para crianzas entre 10 e

18, II Filloa Folk con Roibén (20:00 h), Susana Seivane (21:00 h) e A Requinta da Laxeira (22:30 h).

Finalmente, a 41 Festa da Filloa dará comezo ás 8:00 horas co acendido das máquinas filloeiras. Ás 12:00 horas terá lugar o VII Gran Desfile Intermunicipal dos Xenerais da Ulla ata o campo da festa, onde ás 13:00 horas darán paso ao pregón de Javier Olleros, chef do Restaurante Culler de Pau, con dúas Estrelas Michelin. O acto será presentado por María Mera. Ás 13:45 horas, Gran Alto dos Xenerais da Ulla. Durante toda a xornada poderán degustarse diversos tipos de elaboracións de filloas: á pedra, recheas, salgadas, doces, da máquina filloeira... Sesión vermú co Grupo Ibiza. E pola tarde, o grupo Origen e a orquestra París de Noia protagonizarán a verbena a partir das 18:00 horas.



Recepción no salón de Plenos para celebrar o Día do Patrón

Boqueixón celebrou a Festa do San Vicente, patrón do municipio, coa tradicional recepción oficial á veciñanza na Casa do Concello, onde os gaiteiros da AC Mestre Manuel Gacio interpretaron varias pezas. Despois tivo lugar unha misa na igrexa parroquial.



A Romaría do Pico Sacro engade visitas guiadas ao monte Ilicino

Gran éxito da Romaría do Pico Sacro, organizada pola Comisión de Festas da Granxa e que este ano, ademais da tradicional romaría e misas, contou cunhas visitas guiadas e gratuítas ao monte Ilicino organizadas polo Concello de Boqueixón.

Casa Carabán, a segunda casa do maior de Boqueixón, abre as súas portas en Vigo

O director xeral de Maiores e Atención Socio-sanitaria, Antón Acevedo, e o alcalde de Boqueixón, Ovidio Rodeiro, visitaron a nova casa do maior do municipio, que entrou en funcionamento a principios de xaneiro e que xa conta cos seus dous primeiros usuarios. Unha visita na que estiveron guiados pola promotora da iniciativa, Beatriz Mella Pazos, e pola concelleira de Servizos Sociais, Ángela Conde.

Antón Acevedo destacou a importancia que teñen estes recursos como punto de encontro para as persoas maiores e nos que reciben de maneira gratuíta atención sociosanitaria. No ano 2018 puxéronse en marcha as primeiras casas do maior e desde entón concedéronse axudas para a creación de 125 centros deste tipo por toda a comunidade.



Para presentar solicitudes é preciso dirixirse aos Sevizos Sociais de Boqueixón

Pola súa banda, Ovidio Rodeiro salientou que “xa temos máis persoas interesadas en poñer en marcha algunha casa do maior máis noutras parroquias, uns puntos de encontro para os nosos maiores que de seguro serán moi ben recibidas”.

Dúas casas do maior

A Casa do Maior de Carabán está no lugar de Ca-

rabán, parroquia de Vigo e foi promovida por Beatriz Mella Pazos, quen construíu un local de planta baixa a carón da súa vivenda. Unha instalación que conta con dous baños adaptados, un deles con servizo de ducha, cociña, calefacción centralizada e unha ampla sala de estar con dous sofás e dúas mesas, unha para xantar e outra para os diversos xogos

Casa do maior

- Máximo 5 prazas.
- Dirixidas a persoas de máis de 60 anos. Terán preferencia aquelas que teñan recoñecidos graos I ou II de Dependencia.
- Prezo: de balde, tanto servizo como desprazamentos. Xantar: 5€.
- Horario: diurno, atención durante 8 horas.
- Solicitudes e información: nos Servizos Sociais de Boqueixón (981 513 106).

dos que dispón o local.

Trátase da segunda que se pon en marcha en Boqueixón, xa que a principios de 2021 a emprendedora Marta Renda Guillán puxo en marcha a casa do maior Lodeiro, na veciña parroquia de Loureda.



Renovada e mellorada sinalización para o Pico Sacro

O Concello de Boqueixón, en colaboración coa Axencia de Turismo de Galicia, veñen de renovar toda a sinalética na contorna do Pico Sacro, que se atopaba nun deficiente estado de conservación. Así, o Pico incorpora tres grandes paneis informativos (en galego, español e inglés) e cinco postes con códigos QR.



Máis de 300 persoas desfrutaron do Boqueixogo 2024 no Forte

Máis de 300 veciños e veciñas de Boqueixón desfrutaron dunha nova edición do Boqueixogo, que encheu de xogos, inchables e obradoiros o polideportivo municipal do Forte. Unha actividade coa que o Concello puxo o broche de ouro á programación de Nadal.

O Entroido dos Xenerais da Ulla chegará a Sergude e Lestedo o 11 e o 18 de febreiro

A Cidade da Cultura acolleu a presentación do programa do Entroido dos Xenerais da Ulla, festa declarada de Interese Turístico de Galicia que terá lugar do 20 de xaneiro ao 18 de febreiro. Os oito concellos da comarca da Ulla participaron na presentación do programa, que inclúe múltiples atranques organizados polas agrupacións veciñais dos case 30 lugares e parroquias nos que anualmente ten lugar esta tradición.

No caso de Boqueixón, a festa terá lugar no campo da festa de Sergude o Domingo de Entroido, 11 de febreiro. Ás 11:00 horas saíran Xenerais, Correos e Coros pola parroquia acompañados do grupo Son de Gaita. A partir das 18:00 horas, actuación de Cantos da Terra e dos Coros co grupo Son de Gaita. A iso das 20:00 horas faranse os Atranques, que rematarán co sorteo dunha



Presentación do Entroido dos Xenerais da Ulla, na Cidade da Cultura, e programa do Entroido de Sergude



carretilla de Entroido e fin de festa co Dúo Dilema.

Unha semana despois, Domingo de Piñata no marco da XLI Festa da Filloa de Lestedo. Terá lugar a sétima edición do Desfile Intermunicipal dos Xenerais da Ulla (12:00 horas) e un Atranque dos Xenerais da Ulla (13:45

horas). Máis información: www.xeneraisdaulla.gal.

Na presentación participaron representantes de Boqueixón, A Estrada, Santiago de Compostela, Silleda, Teo, Touro, Vedra e Vila de Cruces. No acto interviron as alcaldesas de Santiago e Teo, Goretti Sanmartín

e Lucía Calvo, así como os representantes da Comisión do Entroido de Lestedo, José Manuel Iglesias, e da Asociación Cultural Xenerais da Ulla de Santiago de Compostela, Jesús Cebeiro, que faláron en nome das entidades veciñais que manteñen viva esta festa.



Boqueixón, coa Selección Galega

A Selección Galega Feminina Sub19 xogou co Compostala un partido para preparar o Campionato de España, que terá lugar en Benidorm do 13 ao 17 de febreiro. A delegada territorial da Federación Galega de Fútbol, Silvia Cancela, entregoulle unha camiseta ao concelleiro Diego Esturao, polo apoio do Concello de Boqueixón ao deporte galego.



A veciñanza de Oural celebra a Romaría de San Amaro

Veciños e veciñas da parroquia de Oural volveron reunirse un ano máis para celebrar a Romaría de San Amaro, que tivo lugar a mediados do pasado mes de xaneiro. Pulpería, doces e moita música e baile fixeron fronte a unha xornada con moito frío.

Boqueixón promociónase en FITUR como destino turístico e gastronómico

Intensas xornadas promocionais de Boqueixón en FITUR, o maior punto de encontro do turismo en España que nesta edición acolleu máis de 250.000 visitantes. O noso Concello, representado polo alcalde Ovidio Rodeiro, estivo presente en tres áreas, co stand de Galicia como fío condutor.

Por unha banda, e como parte do GDR Terras de Compostela, o Concello de Boqueixón participou na presentación da campaña "Terras de Santiago, distintas maneiras de desfrutar da auga" xunto á presidente do GDR, Guarina Rey; o delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco; e a

directora de Promoción de Turismo de Galicia, Carmen Pita. A ruta dos Pescadores, as áreas recreativas de Ponte Ledesma, Gastrar, Sucira, San Paio... son bos exemplos de como desfrutar da auga.

Nesa presentación estivo presente unha delegación da Asociación Cultural da Filloa de Lestedo, que aproveitou para presentar a 41 edición da súa festa e encher de sabor a xornada mediante unha degustación de filloas.

Finalmente, o Concello tamén participou na presentación realizada polo Camiño de Inverno, unha das rutas xacobeas que pasan polo noso territorio e que loita pola súa oficialización.



Presentacións do GDR Terras de Compostela e do Camiño de Inverno en Fitur



Noite de maxia cos Bolechas e os Reis Magos

Noite máxica na Casa da Cultura de Camporrapado. E por partida dobre. En primeiro lugar, Abriu a xornada a posta en escena de "Os

Bolechas. Un Nadal Máxico", a historia dunha das irmás, Loli que, sendo unha aprendiz de maga, tratará de traer de volta aos seus

irmáns desaparecidos coa axuda do supermago Danubio e da rapazada dos rapaces e rapazas de Boqueixón. Ao rematar a obra, tivo lu-

gar a recepción de Melchor, Gaspar e Baltasar, que incluírá un sorteo de agasallos en colaboración con SBC Gasolineras.



Unhas duascientas persoas colaboraron na Zumba Class solidaria de Boqueixón

Algo máis de 200 persoas déronse cita no pavillón municipal do Forte para participaren nunha Zumba Class Solidaria, organizada polo Concello de Boqueixón ante o éxito acadado pola primeira edición. Un evento que este ano contou coa novidade dunha exhibición de zumba kids.

O alcalde, Ovidio Rodeiro, agradeceu a colaboración solidaria dos veciños e veciñas, que achegaron material de hixiene persoal e do fogar.

O evento reuniu a un público de moi diferentes idades, que desfrutou coas distintas coreografías preparadas para a ocasión por media ducia de monitores de zumba, procedentes tanto de Boqueixón como doutros centros e escolas deportivas da contorna. Unha masterclass que tivo lugar durante algo máis de dúas horas.

Deste modo, o Departamento de Deportes de Boqueixón colle o relevo dun grupo de persoas usuarias



Grupo de monitores encargado de impartir esta Zumba Class Solidaria

da actividade de zumba nas Escolas Deportivas municipais, que o ano pasado con-

vocaron a primeira edición desta Zumba Class Solidaria.

AXENDA DO MES DE FEBREIRO

Venres
9

Xornadas gastronómicas
Centro comercial El Corte Inglés (Santiago). Do 9 ao 12 de febreiro, de 13:00 a 16:30 h. De balde con cada consumición na cafetería.

Luns
12

Entroido Activo
CPI Antonio Orza Couto. Días 12, 13 e 14, de 9:00 a 14:00 h. Conciliación familiar. De balde.

Domingo
18

Festa da Filloa de Lestedo
Campo da Festa. Degustación de filloas. Desfile e Atranque dos Xenerais. Pregón. Verbena con Origen e París de Noia.

Sábado
10

Festa da Filloíña
Campo da Festa de Lestedo. A partir das 18:00 h. Música, xogos, pregón infantil, Atranques de Xeneraliños e concerto de Uxia Lambona e a Banda Molona.

Sábado
17

Filloa Folk
Campo da Festa de Lestedo. A partir das 20:00 h. Roibén, Susana Seivane e A Requinta da Laxeira.

Domingo
11

Entroido de Sergude
Campo da festa de Sergude. Pola mañá, Xenerais, Correos e Coros co grupo Son de Gaita. Ás 18:00, concerto de Cantos da Terra e actuación dos Coros con Son de Gaita. Ás 20:00 h, Atranques dos Xenerais. Verbena: Dúo Dilema.

... e en marzo

Mércores
20

ITV Agrícola
Campo da Festa de Rodiño. Do 20 ao 25 de marzo, de 9 a 13:30h. e de 15:15 a 18 h. (o 22 só de mañá). Cita previa: 902 309 000 ou www.sycitv.com

Máis información e inscricións: Centralíña: 981 513 061 | CIM: 981 513 106 | Cultura: 981 513 115 | Dto. Local e Turismo: 981 513 061
concello@boqueixon.com | cim@boqueixon.com | cultura@boqueixon.com | boqueixonturismo@gmail.com